

Agustín Fernández Paz, escritor

# «Os anuncios que aparecen nos xornais son unha fonte inesgotable de historias»

*Cada día, os xornais traen un feixe de historias de todo o mundo. Os titulares recollen acontecementos, épicos, tristes, felices ou dramáticos. Pero os periódicos tamén teñen a súa letra miúda. E nela*

*detívose Agustín Fernández Paz para escribir os relatos recollidos en «Contos por palabras». Anuncios que en principio parecen só buscar un emprego poden tirar do fío da imaxinación e abrir a porta para que*

*o fantástico entre na vida cotiá. «Contos por palabras» foi o primeiro libro galego en acadar o Premio Lazarillo é un volume que convida a disfrutar a lectores non só novos, senón de tódalas idades.*

XESÚS FRAGA  
A CORUÑA

Cando apareceu por primeira vez nas librerías *Contos por palabras*, houbo críticas que louvaron a imaxinación do autor Agustín Fernández Paz (nacido en Vilalba en 1947). Tanto, que algúns ata chegaron a pensar que os anuncios que encabezan cada un dos contos recollidos neste libro tamén foran inventados polo autor. O escritor empeza a entrevista cunha aclaración: «Quero dicir que son reais, algúns deles de La Voz».

**¿E como foi o de inventar os contos a partir dun anuncio nun xornal?**

«Ocorréuseme un día que aí había historias para contar. Aínda que os anuncios cambiaron moito: hoxe parece que habería que escribir un título para *La sonrisa vertical*. Vin que nas catro ou cinco liñas dun anuncio estaba contida unha historia, así que decidín escribirlas. Fixen quince ou dezaseís e logo elixín as que me pareceron as mellores. Os xornais son unha fonte inesgotable de historias.

**Dixo que era onde se atopaba a xente corrente nun xornal...**


«Para min foi un abraio moi grande ver o que daban de si as historias dos anuncios. Eu lle dicía á xente que era imposible, que os xornais falaban de xente importante, pero aí estaban as historias, en cinco ou seis palabras nos anuncios.

**E de algo tan cotiá como os anuncios por palabras saen historias fantásticas.**

«Eu fágoo adrede, gústame esa mestura dos elementos fantásticos con outros da vida real. Isto permíteme meter personaxes que son arquetipos: polos contos aparecen Spíderman, un vampiro, un lobishome... Creo que é unha forma de ter ó lector xa medio gañado desde o principio do texto, porque son personaxes de eficacia probada.

**¿Enténdese así que na vida cotiá tamén hai momentos de aventura?**

«Debaixo das páxinas deste libro latexa un xeito de entender a vida coma unha sorpresa continua. Participo desa visión do mundo chamémoslle cunquairán, de mestura da realidade e a fantasía.



Agustín Fernández Paz recibiu numerosos galardóns por «Contos por palabras»

MERCEDES MORALEJO

**Un autor de vinte títulos que é, ante todo, «un lector»**

Agustín Fernández Paz é perito industrial, mestre e profesor de lingua galega no ensino secundario. Neste ámbito da súa vida, o seu nome está ligado ós movementos de renovación pedagóxica. Na súa fructífera faceta como escritor, leva publicados máis de vinte libros polos que recibiu numerosos galardóns, como o Premio Merlín ou o Edebé. Entre eles destacan *As flores radiactivas* (1993), *Rapazas* (1993), *Trece anos de Branca* (1994), *Cartas de inverno* (1995), *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998), *Cos pés no aire* (1998) ou *No corazón do bosque* (2001). Con *Contos por palabras* gañou o premio Lazarillo en 1990.

**¿Cando tomou a decisión de pasar de ser só lector a tamén escribir?**

«Pois foi un cúmulo de casualidades desas que hai na vida. Pero creo que un escritor é ante todo lector, e se eu acabei escribindo é porque antes me encantaba ler. Tamén naquela época tiñamos unha conciencia de que había un gran baleiro na literatura infantil e xuvenil en Galicia, na etapa de despois do franquismo, e nos lanzamos a escribir.

## «Goma Jostein Gaarder, loitaría por un estatus para a literatura infantil e xuvenil»

O éxito de *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz, non se limita ás vendas, senón que tamén recibiu numerosos recoñecementos e galardóns.

**«Contos por palabras» foi un libro moi premiado.**

«Creo que é o máis recoñecido de todos os meus; eu non sei se será o mellor ou non ca última novela que escribín. Era a primeira vez que un libro escrito noutra lingua que o castelán gañaba o premio Lazarillo. Tamén foi incluído nunha lista dos cen mellores libros publicados en España no século XX. Así que non me podo queixar.

**Tamén empezou a chamar a atención sobre os escritores de literatura infantil e xuvenil de Galicia.**

«Si, foi dos primeiros en facer ver á xente de fóra o que tiñamos aquí, e empezaron as traducións.

**Peró semella que aínda non se venceu**

**ese prexuízo de que é «só» literatura para rapaces.**

«Foi unha ledicia para min que se seleccionase este libro, porque, se o seu primeiro público son os rapaces, calquera adulto pode disfrutalo. Estou dacordo con Jostein Gaarder cando di que loitaría por un estatus para a literatura infantil e xuvenil. É certo que había certa invisibilidade destes autores e obras, pero creo que houbo cambios significativos.

**¿É un xénero ligado á tradición oral?**

«Por aí hai unha veta moi interesante que está sendo explorada, e que xa estaba en Cunqueiro, nas súas semblanzas: son moi elaboradas pero están vencelladas á tradición oral. En Galicia ocorre máis que en outras literaturas, e nos conecta máis con Latinoamérica que co peninsular. Hai unha serie de recursos desta tradición que son moi útiles para a literatura, e este libro ten unha pegada diso.

**Antes falabamos de arquetipos. Se tivese**

**que escribir dentro de cen anos, ¿sería un arquetipo Harry Potter?**

«Non sabería que dicirche. Eu lin os libros e lles recoñzo unha valía literaria. Son boas narracións, ben feitas. Pero hai que agardar varios anos para ver como se decanta ese fenómeno. O que conta, en esencia, un rapaz que non está satisfeito coa súa vida e busca a plenitude nun mundo distinto, é unha idea que xa está explotada. Forma parte das persoas.

**¿Que lía vostede de cativo?**

«Pertenzo a esa xeración que medrou sen televisión; chegou a Galicia cando eu tiña 13 anos. Así que liamos o que había ó noso alcance, que eran clásicos xuvenís como *A illa do tesouro* e cousas de Salgari e de Verne. Pero tamén estiven e sigo estando moi fascinado polos cómics.

**¿E cal era o seu favorito?**

«Sin dúbida, o libro que lin e relín foi *A illa misteriosa*, de Julio Verne.